

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

- 315** *Real decreto lei 1/2019, do 11 de xaneiro, de medidas urxentes para adecuar as competencias da Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia ás exigencias derivadas do dereito comunitario en relación ás directivas 2009/72/CE e 2009/73/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo de 2009, sobre normas comúns para o mercado interior da electricidade e do gas natural.*

I

A consecución de verdadeiros mercados interiores de electricidade e gas natural son o obxectivo fundamental da Directiva 2009/72/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo de 2009, sobre normas comúns para o mercado interior da electricidade, e da Directiva 2009/73/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo de 2009, sobre normas comúns para o mercado interior do gas natural. En particular, estas directivas establecen que, para un adecuado funcionamento dos mercados interiores da electricidade e do gas natural, os reguladores da enerxía deben poder tomar decisións sobre todas as cuestións de regulamentación pertinentes e que sexan totalmente independentes de calquera outro interese público ou privado.

Por outra parte, no contexto da transición enerxética actual tanto a nivel europeo coma nacional, o noso país debe adoptar un marco regulatorio e institucional claro, estable e predicible que outorgue seguridade xurídica a todas as persoas físicas e xurídicas relacionadas co sector enerxético, cuxa transversalidade engloba tanto colectivos vulnerables como investidores nacionais e internacionais.

Así mesmo, e en conexión co anterior, cabe sinalar como a Comisión Europea iniciou de oficio unha investigación sobre a transposición da Directiva 2009/72/CE e da Directiva 2009/73/CE á lexislación española, co fin de avaliar a posible falta de conformidade coa lexislación da Unión Europea, que culminou en setembro de 2016 cun ditame motivado dirixido ao Reino de España en que se concluíu que se traspuxeran incorrectamente ao ordenamento xurídico español as directivas citadas. A raíz do ditame motivado, e dado o tempo transcorrido desde a súa emisión, resulta urxente a adopción das medidas legislativas necesarias pois, de non o facer, existe un inminente risco de que a Comisión Europea presente un recurso de incumprimento contra o Reino de España ante o Tribunal de Xustiza da Unión Europea.

Ao mesmo tempo, a incorrecta transposición das directivas de mercado interior provocou unha importante litixiosidade ante o Tribunal Supremo entre o regulador nacional e o Goberno, que resulta prexudicial para o interese xeral e que comporta incerteza xurídica e inestabilidade institucional para todos os axentes involucrados no sector. Esta norma pon fin a esta situación realizando unha repartición de competencias respectuosa co marco comunitario e dotando a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia da independencia necesaria para o exercicio das súas funcións.

Por iso, mediante este real decreto lei modifícanse as leis afectadas: a Lei 3/2013, do 4 de xuño, de creación da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia; a Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos; a Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico; e a Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia.

Respecto ás materias obxecto de modificación, en primeiro lugar introdúcese un mecanismo para asegurar a consistencia no exercicio das competencias que corresponden ao regulador coa competencia exclusiva sobre bases do réxime enerxético, que o artigo 149.1.25.^a da Constitución española lle atribúe ao Estado, articulando para tal fin un procedemento que, en todo caso, garante a independencia do organismo regulador na

aprobación das súas circulares normativas, e prevendo un mecanismo de conciliación previa para intentar acadar unha solución consensuada ás discrepancias que puideren xurdir. Deste modo, a norma establece que, con carácter previo ao inicio da tramitación das circulares normativas da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, o Goberno, mediante orde da ministra para a Transición Ecolóxica, poderá establecer as orientacións de política enerxética que deben ser tidas en conta na circular que aprobe a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia. Nestes supostos, e con carácter previo á aprobación da circular normativa, o Ministerio para a Transición Ecolóxica poderá emitir un informe sobre a adecuación da proposta ás citadas orientacións. En caso de suscitarse discrepancias entre as partes, convocarase unha comisión de cooperación coa finalidade de buscar o entendemento entre ambas as partes.

No caso de que non existan discrepancias ou, de existiren, se acadase un entendemento entre as partes, as circulares normativas que aprobe a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia indicarán que se adoptan «de acordo coas orientacións de política enerxética do Ministerio para a Transición Ecolóxica»; en caso contrario, indicarán que se adoptan «oído o Ministerio para a Transición Ecolóxica».

En segundo lugar, en relación coa retribución das actividades de transporte e distribución de gas e electricidade e das plantas de gas natural licuado (coa excepción dos almacenamentos subterráneos de gas natural), a norma concreta que a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia aprobará a metodoloxía, os parámetros retributivos, a base regulatoria de activos e a remuneración anual da actividade. En todo caso, a taxa de retribución financeira non poderá exceder o límite máximo que se estableza por lei para o período regulatorio. Respecto ás peaxes de acceso ás redes de electricidade e gas natural, establécese que a autoridade regulatoria aprobará, ademais da metodoloxía de peaxes, a súa estrutura e os seus valores concretos, e corresponderá ao Ministerio para a Transición Ecolóxica a aprobación da estrutura dos cargos, da súa metodoloxía e dos seus valores.

En terceiro lugar, en relación coas condicións de acceso e conexión ás redes de transporte e distribución de electricidade e gas natural, corresponderá á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia a aprobación da metodoloxía e das condicións de acceso e conexión, que comprenderá os criterios económicos e para a avaliación da capacidade, os motivos de denegación, o contido das solicitudes, permisos e contratos, así como as obrigacións de publicidade e transparencia da información relevante para o acceso e a conexión.

En cuarto lugar, será competencia da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia a regulación das regras de funcionamento dos mercados organizados na súa compoñente regulada naqueles aspectos cuxa aprobación corresponda á autoridade regulatoria nacional, de conformidade coas normas do dereito comunitario europeo. Na elaboración das circulares normativas relativas á retribución de actividades reguladas, ás peaxes de acceso ás redes, ás condicións de acceso e conexión e ás regras de funcionamento dos mercados organizados, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia deberá ter en conta as orientacións de política enerxética fixadas polo Ministerio para a Transición Ecolóxica.

En quinto lugar, a nova regulación prevé que a retribución do operador do sistema eléctrico e do xestor técnico do sistema gasista será establecida pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, clarifícase a función de control dos plans de investimento dos xestores da rede de transporte e reformúlase a repartición competencial verbo do réxime sancionador e de inspeccións, en liña coas modificacións das funcións introducidas.

Finalmente, establécese o oportuno réxime transitorio para todas as modificacións introducidas, co fin de que se poida levar a cabo un traspaso ordenado de funcións e non se vexa afectada a seguridade xurídica dos suxeitos que operan nos sectores.

A adopción de todas estas medidas mediante real decreto lei está amparada pola xurisprudencia do Tribunal Constitucional, pois resulta urxente a súa adopción para atender o ditame motivado dirixido ao Reino de España en setembro de 2016 xa que, de non se facer así, o risco de que a Comisión Europea presente un recurso de incumprimento contra o Reino de España ante o Tribunal de Xustiza da Unión Europea é inminente.

Neste sentido, e en canto á utilización do real decreto lei como instrumento de transposición, cabe sinalar que o Tribunal Constitucional, na súa Sentenza 1/2012, do 13 de xaneiro, avala a concorrencia do presuposto habilitante da extraordinaria e urxente necesidade do artigo 86.1 da Constitución cando concorran «o patente atraso na transposición» e a existencia de «procedementos de incumprimento contra o Reino de España».

Por todo o expresado anteriormente, concorren as circunstancias de extraordinaria e urxente necesidade que constitúen o presuposto habilitante exixido ao Goberno polo artigo 86.1 da Constitución española para ditar decretos leis, de acordo coa xurisprudencia do Tribunal Constitucional (STC 6/1983, do 4 de febreiro, F. 5; 11/2002, do 17 de xaneiro, F.4, 137/2003, do 3 de xullo, F.3 e 189/2005, do 7 de xullo, F.3), axudar a unha situación concreta, dentro dos obxectivos gobernamentais, que por razóns difíciles de prever require unha acción normativa inmediata nun prazo máis breve que o requirido por vía normal ou polo procedemento de urxencia para a tramitación parlamentaria das leis, máxime cando a determinación do dito procedemento non depende do Goberno.

II

Este real decreto lei dítase conxuntamente ao abeiro das competencias exclusivas do Estado previstas no artigo 149.1.13.^a da Constitución, en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, e no artigo 149.1.25.^a da Constitución, de bases do réxime mineiro e enerxético.

Esta norma adécuase aos principios de boa regulación establecidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así, do exposto nos puntos anteriores ponse de manifesto o cumprimento dos principios de necesidade e eficacia. O proxecto é acorde co principio de proporcionalidade ao conter a regulación necesaria e imprescindible para a consecución dos obxectivos previamente mencionados, e axústase igualmente ao principio de seguridade xurídica.

En canto ao principio de transparencia, non se realizou o trámite de consulta pública nin o trámite de audiencia e información públicas, que non son aplicables á tramitación dos reais decretos leis, segundo establece o artigo 26.11 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno.

Por último, con respecto ao principio de eficiencia, as medidas reguladas neste real decreto lei non implican novas cargas administrativas.

Na súa virtude, facendo uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta da ministra para a Transición Ecolóxica, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 11 de xaneiro de 2019,

DISPOÑO:

TÍTULO I

Orientacións de política enerxética e mecanismos de cooperación

Artigo 1. Orientacións de política enerxética.

1. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, no ámbito das súas competencias de regulación, deberá ter en consideración as prioridades estratéxicas establecidas polo Goberno, que se materializarán nunhas orientacións de política enerxética adoptadas por orde do titular do Ministerio para a Transición Ecolóxica logo de acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.

2. As orientacións de política enerxética abranguerán aspectos tales como a seguridade de subministración, a seguridade pública, a sustentabilidade económica e financeira dos sistemas eléctrico e gasista, a independencia da subministración, a calidade do aire, a loita contra o cambio climático e respecto ao ambiente, a xestión óptima e o desenvolvemento dos recursos nacionais, a xestión da demanda, a xestión das eleccións

tecnolóxicas futuras, a utilización racional da enerxía, así como calquera outro que garde relación directa coas competencias do Goberno en materia enerxética.

3. O plan de actuación previsto no artigo 39 da Lei 3/2013, do 4 de xuño, de creación da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, incluírá unha previsión das circulares de carácter normativo en materia de enerxía cuxa tramitación teña previsto iniciar o dito organismo durante o ano seguinte, en que se indiquen a data prevista para o inicio da súa tramitación, os obxectivos que se pretenden acadar en cada unha delas e a data prevista para a súa adopción. A dita previsión será comunicada ao Ministerio para a Transición Ecolóxica antes do 1 de outubro de cada ano.

Para aquelas propostas de circulares de carácter normativo que poidan incidir nos aspectos de política enerxética e, en particular, para as circulares de metodoloxía de peaxes de transporte e distribución, da retribución das actividades reguladas, das condicións de acceso e conexión e das normas técnicas e económicas de funcionamento do sistema eléctrico e gasista, o Ministerio para a Transición Ecolóxica poderá adoptar as orientacións de política enerxética que deberá ter en conta a regulación que aprobe a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, co fin de asegurar a consistencia da regulación e a súa adecuación aos obxectivos e principios de política enerxética previstos. As orientacións de política enerxética remitiranse á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia con, polo menos, un mes de antelación á data prevista para o inicio da tramitación da circular segundo a previsión do plan de actuación comunicada conforme o previsto no parágrafo anterior.

4. Nos casos previstos no punto anterior, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia deberá remitir ao Ministerio para a Transición Ecolóxica, con carácter previo á súa aprobación, as circulares referidas xunto cunha memoria xustificativa delas, cunha antelación mínima de dous meses á data prevista para a súa aprobación. No prazo dun mes desde a remisión das referidas circulares, o Ministerio para a Transición Ecolóxica poderá emitir un informe en que valore a adecuación das circulares de carácter normativo ás orientacións de política enerxética previamente adoptadas. Se no informe se considera que a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia non tivo en conta as ditas orientacións xerais, convocarase a comisión de cooperación prevista no artigo seguinte co obxecto de buscar o entendemento entre ambas as partes.

5. O disposto no punto anterior tamén será de aplicación naqueles casos en que, non tendo adoptado o Ministerio para a Transición Ecolóxica orientacións de política enerxética nos termos do punto terceiro anterior, así o solicite de maneira expresa o Ministerio durante a tramitación das circulares referidas.

6. As circulares previstas nos números 4 e 5 que aprobe o Consello da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia indicarán se se adoptan «de acordo coas orientacións de política enerxética do Ministerio para a Transición Ecolóxica», en caso de conformidade, ou «oído o Ministerio para a Transición Ecolóxica», en caso de discrepancia.

Artigo 2. Comisión de Cooperación entre o Ministerio para a Transición Ecolóxica e a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

1. A Comisión de Cooperación é un mecanismo de conciliación previa que terá por obxecto acadar unha solución consensuada entre a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia e o Ministerio para a Transición Ecolóxica no caso de que este último emita informe en que considere que a proposta de circular normativa remitida non se axusta ás orientacións de política enerxética previamente adoptadas.

Tamén se poderá convocar a Comisión de cooperación nos demais supostos legalmente previstos.

2. A Comisión de Cooperación estará composta polos seguintes membros:

a) Tres persoas en representación da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, que desempeñen cargos, polo menos, con rango de subdirección xeral.

b) Tres persoas en representación da Secretaría de Estado de Enerxía, que desempeñen cargos, polo menos, con rango de subdirección xeral ou equivalente. Os

cargos das persoas que desempeñen a presidencia e a secretaría da Comisión de Cooperación corresponderán a ambas as partes de forma alternativa e rotatoria, cunha periodicidade dun ano.

As persoas representantes da Comisión de Cooperación serán nomeadas, en cada caso, polo titular do Ministerio para a Transición Ecolóxica e pola persoa que desempeñe a presidencia da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, oído o Pleno.

A citada comisión de cooperación deberá atender ao principio de presenza equilibrada entre mulleres e homes, salvo por razóns fundadas e obxectivas, debidamente motivadas.

3. As conclusións da citada comisión formalizaranse nunha acta en que se deberán xustificar as posicións de ambas as partes. A acta correspondente será expedida polo secretario e asinada por todos os asistentes.

TÍTULO II

Funcións da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia

Artigo 3. Modificación da Lei 3/2013, do 4 de xuño, de creación da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

Modifícase a Lei 3/2013, do 4 de xuño, de creación da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, nos seguintes aspectos:

Un. Modifícase o artigo 7.1, engádense as alíneas g), h) e i) e inclúese un parágrafo derradeiro, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 7. Supervisión e control no sector eléctrico e no sector do gas natural.

A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia exercerá as seguintes funcións no ámbito do sector eléctrico e do sector do gas natural:

1. Establecer, mediante circulares ditadas de conformidade co artigo 30 desta lei, logo de trámite de audiencia e con criterios de eficiencia económica, transparencia, obxectividade e non discriminación, e de acordo coas orientacións de política enerxética:

a) A estrutura e a metodoloxía para o cálculo das peaxes de acceso ás redes de electricidade destinadas a cubrir a retribución do transporte e a distribución. A estrutura e a metodoloxía deberán respectar as orientacións de política enerxética e, en particular, o principio de sustentabilidade económica e financeira do sistema eléctrico, de conformidade coa Lei 24/2013, do 26 de decembro.

b) A metodoloxía relativa ao acceso ás infraestruturas transfronteirizas, incluídos os procedementos para asignar capacidade e xestionar a conxestión nos sectores de electricidade e gas.

c) As metodoloxías relativas á prestación de servizos de balance e de non frecuencia do sistema eléctrico que, desde o punto de vista de menor custo, de maneira xusta e non discriminatoria proporcionen incentivos adecuados para que os usuarios da rede equilibren a súa produción e consumo.

d) A estrutura e a metodoloxía para o cálculo das peaxes e dos canons dos servizos básicos de acceso ás instalacións gasistas destinados a cubrir a retribución asociada ao uso das instalacións das redes de transporte, distribución e plantas de gas natural licuado. A estrutura e a metodoloxía deberán respectar as orientacións de política enerxética e, en particular, o principio de sustentabilidade económica e financeira do sistema gasista, de conformidade coa Lei 18/2014, do 15 de outubro.

e) A metodoloxía relativa á prestación de servizos de balance, de forma que proporcionen incentivos adecuados para que os usuarios da rede equilibren as súas entradas e saídas do sistema gasista. Os servizos de balance facilitaranse de maneira xusta e non discriminatoria e basearanse en criterios obxectivos dentro do

marco normativo de acceso e funcionamento do sistema establecido na Lei 34/1998, do 7 de outubro.

f) As metodoloxías utilizadas para calcular as condicións para a conexión e o acceso ás redes de gas e electricidade.

g) A metodoloxía, os parámetros e a base de activos para a retribución das instalacións de transporte e distribución de enerxía eléctrica conforme as orientacións de política enerxética.

Entre outros, corresponderá á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia fixar, de ser o caso, os valores unitarios de investimento, de operación e mantemento e a vida útil regulatoria das instalacións con dereito a retribución a cargo do sistema eléctrico das empresas de transporte e distribución para cada período regulatorio.

Así mesmo, corresponderá á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia fixar a taxa de retribución financeira das instalacións con dereito a retribución a cargo do sistema eléctrico das empresas de transporte e distribución para cada período regulatorio. Esta taxa non poderá exceder o que resulte de conformidade co establecido na Lei 24/2013, do 26 de decembro, e demais normativa de aplicación.

Excepcionalmente, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia poderá superar o referido valor, de forma motivada e logo de informe do Ministerio para a Transición Ecolóxica, en casos debidamente xustificadas. Neste suposto, a Comisión fará constar o impacto da súa proposta en termos de custos para o sistema respecto do que derivaría de se aplicar o valor anteriormente resultante.

h) A metodoloxía, os parámetros e a base de activos para a retribución das instalacións de transporte e distribución de gas natural e plantas de gas natural licuado, conforme orientacións de política enerxética.

Entre outros, corresponderá á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia fixar, de ser o caso, os valores unitarios de investimento, de operación e mantemento e a vida útil regulatoria dos activos con dereito a retribución a cargo do sistema de gas natural das empresas de distribución, transporte e plantas de gas natural licuado para cada período regulatorio.

Así mesmo, corresponderá á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia fixar a taxa de retribución financeira dos activos de transporte, distribución e plantas de gas natural licuado con dereito a retribución a cargo do sistema gasista para cada período regulatorio. Esta taxa non poderá exceder a que resulte de conformidade co establecido na Lei 18/2014, do 15 de outubro, e demais normativa de aplicación.

Excepcionalmente, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia poderá superar o referido valor, de forma motivada e logo de informe do Ministerio para a Transición Ecolóxica, en casos debidamente xustificadas. Neste suposto, a Comisión fará constar o impacto da súa proposta en termos de custos para o sistema respecto do que derivaría de se aplicar o valor anteriormente resultante.

i) A metodoloxía para o cálculo da retribución do operador do sistema eléctrico e do xestor técnico do sistema gasista, en función dos servizos que efectivamente presten. As ditas retribucións poderán incorporar incentivos, que poderán ter signos positivos ou negativos, á redución de custos dos sistemas eléctricos e gasistas derivados da operación dos mesmos ou doutros obxectivos.

As circulares anteriormente mencionadas, así como os actos de execución e aplicación delas, serán publicados no Boletín Oficial del Estado.»

Dous. Engádesse un novo número 1 bis ao artigo 7, que queda redactado da seguinte forma:

«1 bis. Aprobar, mediante resolución, os valores das peaxes de acceso ás redes de electricidade e gas, así como as contías da retribución das actividades de transporte e distribución de electricidade, e de transporte e distribución de gas

natural e das plantas de gas natural licuado, para o cal se deberá ater ás respectivas metodoloxías aprobadas conforme o previsto no punto anterior».

Tres. Modifícase o número 7 do artigo 7, que queda redactado desta maneira:

«7. Supervisar os plans de investimento dos xestores de rede de transporte, en particular no que se refire á súa adecuación ao plan de desenvolvemento da rede no ámbito da Unión Europea, para cuxa modificación poderá realizar recomendacións. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia incluírá os resultados da dita supervisión no seu informe anual remitido á Axencia de Cooperación dos Reguladores da Enerxía e á Comisión Europea.

Así mesmo, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia remitirá un informe á proposta do xestor da rede de transporte no inicio da planificación, que reflecta as súas recomendacións sobre as implicacións económicas dos investimentos previstos e o seu impacto na sustentabilidade económico-financieira do sistema eléctrico e gasista.

De igual modo, no trámite de audiencia á proposta de planificación, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia informará o Ministerio para a Transición Ecolóxica sobre a planificación e o control dos investimentos, e sinalará aqueles aspectos non considerados no seu informe inicial. Poderase convocar a Comisión de Cooperación para obter un mellor entendemento da postura da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia ao respecto.»

Catro. Engádesse un novo número 38 ao artigo 7, que queda redactado da seguinte forma:

«38. Determinar as regras dos mercados organizados na súa compoñente normativa, naqueles aspectos cuxa aprobación corresponda á autoridade regulatoria nacional, de conformidade coas normas do dereito comunitario europeo». As ditas regras publicaranse no “Boletín Oficial del Estado”.»

Cinco. Engádesse un novo número 39 ao artigo 7, que queda redactado da seguinte forma:

«39. Inspeccionar, a través da Dirección de Enerxía, todas aquelas materias sobre as cales a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia teña atribuída competencia.»

Seis. O número 1 do artigo 29 queda redactado como segue:

«1. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia terá facultades de inspección no exercicio das súas competencias. Así mesmo, poderá impoñer sancións de acordo co previsto no capítulo II do título IV da Lei 15/2007, do 3 de xullo, no título VI da Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral da comunicación audiovisual, no título X da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, no título VI da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, no título VIII da Lei 9/2014, do 9 de maio, xeral de telecomunicacións, no título VII da Lei 43/2010, do 30 de decembro, do servizo postal universal, dos dereitos dos usuarios e do mercado postal, e no título VII da Lei 38/2015, do 29 de setembro, do sector ferroviario.»

Artigo 4. *Modificación da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico.*

Modifícase a Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico nos seguintes aspectos:

Un. Modifícase o artigo 3.5 nos seguintes termos:

«5. Establecer o réxime retributivo e fixar a retribución daquelas actividades que teñan unha retribución regulada de acordo co previsto na presente lei, sen

prexuízo das competencias que os artigos 7.1 e 7.1 bis da Lei 3/2013, do 4 de xuño, de creación da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, atribúen ao dito organismo en relación coas actividades de transporte e distribución de enerxía eléctrica.»

Dous. O número 7 do artigo 3 queda redactado como segue:

«7. Regular a estrutura dos cargos por custos regulados e dos cargos necesarios para cubrir outros custos do sistema, así como establecer os criterios para o outorgamento de garantías por parte dos suxeitos que corresponda e fixar, de ser o caso, o prezo voluntario para o pequeno consumidor como prezo máximo da subministración de enerxía eléctrica aos consumidores que regulamentariamente se determinen.»

Tres. Elimínase o número 10 do artigo 3.

Catro. Engádesse o número 7 ao artigo 4 coa seguinte redacción:

«7. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia realizará un seguimento dos plans de investimento dos xestores de rede de transporte, e presentará un informe anual ao Ministerio para a Transición Ecolóxica coa avaliación dos ditos plans no que se refire á súa adecuación ao plan de desenvolvemento da rede no ámbito comunitario mencionado no artigo 8, número 3, alínea b) do Regulamento (CE) n.º 714/2009, e poderá incluír recomendacións para a súa modificación.»

Cinco. Modifícase o número 7 do artigo 7, que queda redactado co seguinte teor:

«7. En todo caso, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia supervisará a aplicación das medidas necesarias para garantir a subministración de enerxía eléctrica contida neste artigo, para o cal se poñerá á súa disposición a información relativa á súa aplicación.»

Seis. Modifícanse os números 2, 4, 5, 8, 9 e 11 do artigo 14, que quedarán redactados como segue:

«2. A retribución das actividades establecerase con criterios obxectivos, transparentes e non discriminatorios, que incentiven a mellora da eficacia da xestión, a eficiencia económica e técnica das ditas actividades e a calidade da subministración eléctrica.»

«4. Os parámetros de retribución das actividades de transporte, distribución, produción a partir de fontes de enerxía renovables, coxeración de alta eficiencia e residuos con réxime retributivo específico e produción nos sistemas eléctricos non peninsulares con réxime retributivo adicional fixaranse tendo en conta a situación cíclica da economía, da demanda eléctrica e da rendibilidade adecuada para estas actividades por períodos regulatorios que terán unha vixencia de seis anos, salvo que unha norma de dereito comunitario europeo estableza unha vixencia do período regulatorio distinta.

Estes parámetros retributivos poderanse revisar antes do comezo do período regulatorio. Se non se leva a cabo esta revisión, entenderanse prorrogados para todo o período regulatorio seguinte.

Para as actividades de transporte e distribución, as taxas de retribución financeira aplicables serán fixadas pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia para cada período regulatorio.

Malia o anterior, para cada período regulatorio establecerase por lei o límite máximo das taxas de retribución financeira aplicables ás actividades de transporte e distribución. Este límite máximo estará referenciado ao rendemento das obrigacións do Estado a dez anos no mercado secundario entre titulares de contas

non segregados dos vinte e catro meses previos ao mes de maio do ano anterior ao inicio do novo período regulatorio, incrementado cun diferencial adecuado que se determinará para cada período regulatorio. Se ao comezo dun período regulatorio non se leva a cabo a determinación do límite máximo, entenderase prorrogado o límite máximo fixado para o período regulatorio anterior. Se este último non existe, o límite máximo para o novo período tomará o valor da taxa de retribución financeira do período anterior.

Para as actividades de produción nos sistemas eléctricos non peninsulares con réxime retributivo adicional poderase modificar a taxa de retribución financeira aplicable ás ditas actividades antes do inicio de cada período regulatorio. A taxa de retribución financeira establecida estará referenciada ao rendemento das obrigacións do Estado a dez anos no mercado secundario dos vinte e catro meses previos ao mes de maio do anterior ao do inicio, incrementado cun diferencial adecuado que se determinará por lei para cada período regulatorio. Se ao comezo dun período regulatorio non se leva a cabo a determinación da taxa de retribución financeira, entenderase prorrogada a fixada para o período regulatorio anterior.

No caso das instalacións de produción a partir de fontes de enerxía renovables, coxeración de alta eficiencia e residuos con réxime retributivo específico, a modificación dos parámetros de retribución realizarase de acordo cos seguintes criterios:

1.º Na revisión que corresponda a cada período regulatorio poderanse modificar todos os parámetros retributivos e, entre eles, o valor sobre o cal xirará a rendibilidade razoable no que reste de vida regulatoria das instalacións tipo, que se fixará legalmente.

En ningún caso, unha vez recoñecida a vida útil regulatoria ou o valor estándar do investimento inicial dunha instalación, se poderán revisar os ditos valores.

2.º Cada tres anos revisaranse para o resto do período regulatorio as estimacións de ingresos pola venda da enerxía xerada, valorada ao prezo do mercado de produción, en función da evolución dos prezos do mercado e das previsións de horas de funcionamento.

Así mesmo, axustaranse os parámetros retributivos en función das desviacións do prezo do mercado respecto das estimacións realizadas para o período de tres anos anterior. O método de axuste establecerase regulamentariamente e será de aplicación no que reste de vida útil da instalación.

3.º Polo menos anualmente, actualizaranse os valores de retribución á operación para aquelas tecnoloxías cuxos custos de explotación dependan esencialmente do prezo do combustible.

5. A retribución da actividade de produción incorporará os seguintes conceptos:

a) A enerxía eléctrica negociada a través dos mercados diario e intradiario. A enerxía eléctrica negociada a través dos mercados diario e poxas intradiarias retribuirase sobre a base do prezo resultante do equilibrio entre a oferta e a demanda de enerxía eléctrica ofertada neles, resultante dos mecanismos que se establezan.

A enerxía eléctrica negociada a través dos mercados de contratación bilateral ou física ou a prazo que se retribuirá sobre a base do prezo das operacións contratadas en firme nos mencionados mercados.

Este concepto retributivo definirase considerando as perdas en que se incorreu nas redes e os custos derivados das alteracións do réxime normal de funcionamento do sistema de ofertas.

b) Os servizos de axuste, incluídos os servizos de non frecuencia e os servizos de balance do sistema, necesarios para garantir unha subministración adecuada ao consumidor.

A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia determinará que servizos do sistema se consideran de non frecuencia e de balance, así como o seu réxime retributivo, e diferenciará aqueles que teñan carácter obrigatorio daqueles potestativos.

Pola súa parte, o Ministerio para a Transición Ecolóxica determinará que servizos de axuste, excluídos os de balance e os de non frecuencia, son necesarios para manter a seguridade, a continuidade e a calidade de subministración.

c) De ser o caso, a retribución en concepto de mecanismo de capacidade, que se establecerá por orde do Ministerio para a Transición Ecolóxica, que permita dotar o sistema dunha marxe de cobertura adecuada e incentive a dispoñibilidade de potencia xestionable.

d) De ser o caso, a retribución adicional a que fai referencia o número 6 para a actividade de produción de enerxía eléctrica desenvolvida nos sistemas eléctricos dos territorios non peninsulares.

e) De ser o caso, a retribución específica a que fai referencia o número 7 para a produción de enerxía eléctrica a partir de fontes de enerxía renovables, coxeración de alta eficiencia e residuos.»

«8. As metodoloxías de retribución das actividades de transporte e distribución estableceranse atendendo aos custos necesarios para construír, operar e manter as instalacións de acordo co principio de realización da actividade ao menor custo para o sistema eléctrico, segundo o disposto no artigo 1.1.

9. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia establecerá o réxime económico dos dereitos por acometidas, enganches, verificación das instalacións, actuacións sobre os equipamentos de control e medida, alugamento de aparellos de medida, realización de estudos de conexión e acceso ás redes e demais actuacións necesarias para atender os requirimentos dos usuarios.

Os pagamentos por dereitos por acometidas, enganches, verificación e actuacións sobre os equipamentos de control e medida derivados de decisións dos usuarios, alugamento de aparellos de medida e realización de estudos de conexión e de acceso ás redes serán realizados polos suxeitos do sistema aos titulares ou xestores da rede nos termos que se establezan regulamentariamente. En ningún caso os ditos pagamentos terán consideración de peaxes ou cargos.»

«11. A retribución do operador do mercado establecerase de acordo coa metodoloxía que determine o Goberno, salvo aqueles aspectos retributivos cuxa aprobación se atribúa ao regulador nacional de conformidade coas normas de dereito comunitario europeo, en función dos servizos que efectivamente presten, e será financiada con base nos prezos que estes lles cobren aos axentes e aos suxeitos do sistema, respectivamente.

A retribución do operador do mercado e os prezos que deben cobrar serán fixados anualmente polo Ministerio para a Transición Ecolóxica. A retribución poderá incorporar incentivos, que poderán ter signo positivo ou negativo, á redución de custos e a outros obxectivos.»

Sete. Engádese un novo número 12 ao artigo 14, co seguinte teor:

«12. Corresponderá á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia a aprobación da retribución para cada ano das empresas titulares de instalacións de transporte e distribución, de conformidade co previsto na Lei 3/2013, do 4 de xuño.»

Oito. Modifícase a redacción do artigo 16 e engádese un novo número 7, co seguinte teor:

«Artigo 16. *Peaxes de acceso ás redes e cargos asociados aos custos do sistema.*

1. O Ministerio para a Transición Ecolóxica, logo de acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, ditará as disposicións necesarias para o establecemento dos cargos necesarios, que se determinarán de acordo coa metodoloxía prevista neste artigo, para cubrir os custos das actividades do sistema que correspondan.

O Goberno, logo de informe da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, establecerá a metodoloxía de cálculo dos cargos que deberán satisfacer os consumidores e, de ser o caso, os produtores de enerxía eléctrica, e que cubrirán os custos do sistema que se determinen, sen prexuízo do disposto para as peaxes de transporte e distribución.

2. No marco das orientacións de política enerxética adoptadas polo Ministerio para a Transición Ecolóxica, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia establecerá, mediante circular, a metodoloxía para o establecemento das peaxes de acceso ás redes de transporte e distribución que deberán satisfacer os seus usuarios.

3. As peaxes e os cargos serán únicos en todo o territorio nacional e non incluírán ningún tipo de impostos.

4. No caso de que as actividades ou instalacións destinadas á subministración eléctrica sexan gravadas, directa ou indirectamente, con tributos propios das comunidades autónomas ou recargas sobre tributos estatais, na peaxe de acceso ou cargo que corresponda poderase incluír un suplemento territorial que cubrirá a totalidade do sobrecusto provocado por ese tributo ou recarga e que deberá ser aboado polos consumidores situados no ámbito territorial da respectiva comunidade autónoma.

No caso de que os tributos sexan de carácter local, salvo os recollidos no artigo 59 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, na peaxe de acceso ou cargo que corresponda poderase incluír un suplemento territorial que cubra a totalidade do sobrecusto provocado.

Mediante orde do titular do Ministerio de Presidencia, Relacións coas Cortes e Igualdade, por proposta conxunta dos titulares dos ministerios para a Transición Ecolóxica e de Facenda, determinaranse, logo de acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, os concretos tributos e as recargas que serán considerados para efectos da aplicación dos citados suplementos territoriais, así como os mecanismos necesarios para a xestión e liquidación de tales suplementos.

5. Con carácter xeral, e sen prexuízo do disposto no artigo 19, as peaxes de acceso ás redes e os cargos a que se refiren os números 1 e 2 deste artigo estableceranse anualmente, respectivamente, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia e o Ministerio para a Transición Ecolóxica, con base nas estimacións realizadas. Os ditos cargos e peaxes de acceso poderanse revisar, así mesmo, cando se produzan circunstancias que afecten de modo relevante os custos regulados ou os parámetros utilizados para o seu cálculo.

A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia aprobará as peaxes mediante resolución que se publicará no Boletín Oficial del Estado. O Ministerio aprobará os cargos por orde do titular do Ministerio para a Transición Ecolóxica, logo de acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.

6. As empresas que realicen as actividades con retribución regulada facilitarán á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia e ao Ministerio para a Transición Ecolóxica toda a información sexa necesaria para a determinación das peaxes de acceso ás redes de transporte e distribución, e os cargos necesarios para cubrir outros custos.

7. As empresas comercializadoras deberán desagregar nas súas facturas aos consumidores finais a contía correspondente ás peaxes e aos cargos.»

Nove. O artigo 33 queda redactado como segue, logo de engadirle un novo número 11:

«Artigo 33. *Acceso e conexión.*

1. Para os efectos desta lei, entenderase por:

a) Dereito de acceso: dereito de uso da rede nunhas condicións legal ou regulamentariamente determinadas.

b) Dereito de conexión a un punto da rede: dereito dun suxeito a conectarse electricamente a un punto concreto da rede de transporte existente ou planificada con carácter vinculante ou de distribución existente ou incluída nos plans de investimento aprobados pola Administración xeral do Estado nunhas condicións determinadas.

c) Permiso de acceso: aquel que se outorga para o uso da rede á cal se conecta a instalación.

d) Permiso de conexión a un punto da rede: aquel que se outorga para poder conectar unha instalación de produción de enerxía eléctrica ou consumo a un punto concreto da rede de transporte ou, de ser o caso, de distribución.

2. A concesión dun permiso de acceso basearase no cumprimento dos criterios técnicos de seguridade, regularidade, calidade da subministración e de sustentabilidade e eficiencia económica do sistema eléctrico establecidos regulamentariamente polo Goberno ou pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, segundo corresponda. A aplicación destes criterios determinará a existencia ou non de capacidade de acceso. Na avaliación da capacidade de acceso deberán considerarse, ademais do propio nó a que se conecta a instalación, todos os nós con influencia no nó onde se conecta a instalación, tendo en conta as instalacións de produción de enerxía eléctrica e consumo existentes e con permisos de acceso e conexión vixentes. Do mesmo xeito, na referida avaliación a rede que se vai considerar será a rede de transporte existente ou planificada con carácter vinculante ou a rede de distribución existente ou incluída nos plans de investimento aprobados pola Administración xeral do Estado nunhas condicións determinadas.

O permiso de acceso será outorgado polo xestor da rede de transporte cando o punto de conexión á rede estea na rede de transporte ou polo xestor da rede de distribución cando o punto de conexión á rede estea na rede de distribución. Este permiso detallará as condicións concretas de uso da rede de acordo co contido do regulamento antes sinalado.

En todo caso, o permiso de acceso só poderá ser denegado pola falta de capacidade de acceso. Esta denegación deberá ser motivada e deberase basear nos criterios que se sinalan no primeiro parágrafo deste punto.

O dereito de acceso poderá ser restrinxido temporalmente. Esta restrición deberá ser motivada e deberase basear nos criterios do regulamento sinalado no parágrafo primeiro deste punto, sen prexuízo do disposto no artigo 7.

3. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia resolverá, por petición de calquera das partes afectadas, os posibles conflitos que poidan xurdir en relación co permiso de acceso ás redes de transporte e distribución, así como coas denegacións deste emitidas polo xestor da rede de transporte e polo xestor da rede de distribución.

O prazo para resolver e notificar este procedemento será de dous meses, que se poderá ampliar a dous meses adicionais se se require información adicional á solicitude ou se así o manifesta o solicitante. As solicitudes de resolución destes conflitos deberán presentarse ante a Comisión Nacional dos Mercados e da

Competencia no prazo máximo dun mes contado desde que o solicitante coñeza o feito que motiva a súa solicitude de resolución de conflito.

4. O permiso de conexión a un punto determinado da rede definirá as condicións técnicas, económicas, de seguridade e posta en marcha das instalacións que sexa preciso construír, ampliar e reformar na rede de transporte e distribución para realizar a conexión.

O permiso de conexión será outorgado pola empresa transportista ou distribuidora titular da rede en que se encontre o punto para o cal se solicita o permiso de conexión.

Para a concesión dun permiso de conexión nun punto, o titular da rede deberá dispoñer do espazo físico adecuado para situar as instalacións necesarias.

En todo caso, o permiso de conexión só poderá ser denegado por imposibilidade técnica, por cuestións de seguridade das persoas, por non existir a instalación de rede onde se solicita o punto de conexión e non estar prevista a instalación na planificación vixente da rede de transporte ou nos plans de investimento das empresas distribuidoras aprobados pola Administración xeral do Estado, ou por falta de espazo físico adecuado para situar as instalacións necesarias. Esta denegación deberá ser motivada e deberase basear nos criterios que se sinalen na normativa regulamentaria a que fai referencia o primeiro parágrafo deste punto.

5. As discrepancias que se susciten en relación co outorgamento ou denegación do permiso de conexión ás instalacións de transporte ou distribución de competencia da Administración xeral do Estado resolveráas a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

As discrepancias que se susciten en relación co outorgamento ou denegación do permiso de conexión ás redes cuxa autorización sexa de competencia autonómica resolveráas o órgano competente da comunidade autónoma correspondente, logo de informe da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia. Este informe terá carácter vinculante no que se refire ás condicións económicas e ás condicións temporais relativas aos calendarios de execución das instalacións dos titulares de redes recollidas na planificación da rede de transporte e nos plans de investimento das empresas distribuidoras aprobados pola Administración xeral do Estado.

As discrepancias resolveranse de maneira individualizada para cada un dos casos concretos, conforme os criterios sinalados no número 4.

As solicitudes de resolución destes conflitos deberanse presentar ante o órgano competente correspondente no prazo máximo dun mes contado desde que o solicitante coñeza o feito que motiva a súa solicitude de resolución de conflito.

6. En ningún caso poderán establecer os suxeitos responsables outros mecanismos diferentes dos previstos nos números 2 e 4 deste artigo para o outorgamento dos permisos de acceso e conexión ou para a priorización no seu outorgamento.

Así mesmo, as administracións públicas non poderán denegar ou restrinxir a concesión de permisos de acceso e conexión ás redes de transporte e distribución, salvo o previsto para o Goberno nos números 2 e 4 e para a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia no número 10 deste artigo.

7. Mediante real decreto do Consello de Ministros estableceranse os criterios obxectivos para a inclusión de límites á capacidade de conexión por nós co obxecto de garantir a seguridade da subministración.

8. Os permisos de acceso e conexión caducarán aos cinco anos desde a súa obtención para as instalacións que non obtivesen acta de posta en servizo nese prazo. Do mesmo xeito, caducarán eses permisos para as instalacións que, estando xa construídas e en servizo, cesen na vertedura de enerxía á rede por un período superior a tres anos por causas imputables ao titular distintas do peche temporal.

9. Os xestores das redes de transporte e distribución farán públicas as capacidades de acceso para cada nó da súa rede nos termos que se establezan regulamentariamente.

10. Mediante real decreto do Consello de Ministros poderanse establecer os criterios e os procedementos que a concesión de acceso e conexión deba satisfacer para o cumprimento dos obxectivos de política enerxética e penetración de renovables. Para este efecto, o Goberno poderá establecer os criterios baixo os cales un suxeito poderá solicitar aos titulares e xestores das redes a modificación das condicións dos permisos de conexión e acceso, incluídos os seus puntos de conexión.

11. Pola súa parte, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia aprobará mediante circular a metodoloxía e as condicións de acceso e conexión, que comprenderá o contido das solicitudes e permisos, os criterios económicos, os criterios para a avaliación da capacidade, os motivos para a denegación, o contido mínimo dos contratos e a obrigaición de publicidade e transparencia da información relevante para o acceso e a conexión.»

Dez. Modifícase o número 3 do artigo 64, que queda redactado como segue:

«3. A aplicación irregular de prezos, cargos, tarifas dos regulados na presente lei ou nas súas disposicións de desenvolvemento, de maneira que se produza unha alteración no prezo que sexa superior ao 15 por cento e que, ao tempo, exceda os 300.000 euros.

O incumprimento das obrigaicións resultantes do sistema de cargos, prezos, tarifas, tarifas de último recurso ou dos criterios de recadación, cando supoña un prexuízo grave para o sistema eléctrico. En particular, entenderase como incumprimento das ditas obrigaicións a falta de aboamento, por parte do comercializador, dos prezos ou cargos conforme o que regulamentariamente se determine, nos termos da alínea d) do artigo 46.1 desta lei, a falta ou atraso no pagamento das cantidades a que dea lugar o procedemento das liquidacións dos artigos 18 e 19 desta lei e a súa normativa de desenvolvemento, e a declaración indebida de ingresos e custos.»

Once. Modifícase o número 4 do artigo 64, que queda redactado como segue:

«4. A aplicación irregular de prezos e peaxes de acceso ás redes dos regulados na presente lei ou nas disposicións de desenvolvemento ditadas pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, de maneira que se produza unha alteración no prezo que sexa superior ao 15 por cento e que, ao tempo, exceda os 300.000 euros, así como o incumprimento das obrigaicións resultantes do sistema de peaxes, ou dos seus criterios de recadación, cando supoña un prexuízo grave para o sistema eléctrico. En particular, entenderase como incumprimento das ditas obrigaicións a falta de aboamento da peaxe de acceso ás redes de transporte e distribución por parte do comercializador nos termos da alínea d) do artigo 46.1 desta lei».

Doce. Modifícase o número 38 do artigo 64, que queda redactado como segue:

«38. Calquera manipulación tendente a alterar o prezo da enerxía eléctrica por parte de calquera suxeito, así como a inexactitude ou falsidade de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento, que supoña unha alteración do mercado de produción.»

Trece. Engádesse un número 38 bis ao artigo 64 coa seguinte redacción:

«38 bis. Calquera manipulación tendente a alterar o prezo da enerxía eléctrica por parte de calquera suxeito, así como a inexactitude ou falsidade de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento, que supoña unha

alteración do despacho de produción nos sistemas eléctricos en territorios non peninsulares.»

Catorce. Modifícase o número 2 do artigo 65, que queda redactado como segue:

«2. A aplicación irregular de prezos, cargos, tarifas dos regulados na presente lei ou nas súas disposicións de desenvolvemento, de maneira que se produza unha alteración no prezo que sexa superior ao 10 por cento e que, ao tempo, exceda os 30.000 euros.

O incumprimento das obrigacións resultantes do sistema de cargos, prezos, tarifas, tarifas de último recurso, ou dos criterios de recadación, cando non supoña un prexuízo grave para o sistema eléctrico. En particular, entenderase como incumprimento das ditas obrigacións a falta de aboamento, por parte do comercializador, dos prezos ou cargos conforme o que regulamentariamente se determine, nos termos da alínea d) do artigo 46.1 desta lei, a falta ou atraso no pagamento das cantidades a que dea lugar o procedemento das liquidacións dos artigos 18 e 19 desta lei e a súa normativa de desenvolvemento, e a declaración indebida de ingresos e custos.»

Quince. Modifícase o número 3 do artigo 65, que queda redactado con este teor:

«3. A aplicación irregular de prezos e peaxes de acceso ás redes dos regulados na presente lei ou nas disposicións de desenvolvemento ditadas pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, de maneira que se produza unha alteración no prezo que sexa superior ao 10 por cento e que, ao tempo, exceda os 30.000 euros. En particular, considerarase infracción grave o incumprimento por parte do distribuidor do disposto na alínea c) do artigo 44.1 cando se superen as ditas cantidades.

O incumprimento das obrigacións resultantes do sistema de peaxes, ou dos seus criterios de recadación, cando non supoña un prexuízo grave para o sistema eléctrico. En particular, entenderase como incumprimento das ditas obrigacións a falta de aboamento da peaxe de acceso ás redes de transporte e distribución por parte do comercializador nos termos da alínea d) do artigo 46.1 desta lei.»

Dezaseis. Modifícase o número 6 do artigo 66, que queda redactado como segue:

«6. A aplicación irregular de prezos, cargos e tarifas regulados na presente lei ou nas súas disposicións de desenvolvemento, de maneira que se produza unha alteración no prezo, cando non teña consideración de infracción grave ou moi grave.»

Dezasete. Engádese un número 6 bis ao artigo 66, que queda redactado como segue:

«6 bis. A aplicación irregular de peaxes das reguladas na presente lei ou nas disposicións de desenvolvemento ditadas pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, de maneira que se produza unha alteración no prezo, cando non teña consideración de infracción grave ou moi grave.»

Dezaioito. Modifícanse os números 3 e 4 do artigo 73, que queda redactado como segue:

«3. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, no ámbito das súas competencias, poderá impoñer sancións pola comisión das infraccións administrativas seguintes:

a) As tipificadas como moi graves nos parágrafos 1, 2, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 10, 11, 12, 13, 14, 15, 16, 21, 24, 25, 26, 27, 28, 29, 30, 31, 32, 33, 34, 35, 36, 37, 38, 39, 40, 41, 42, 44, 45, 46 e 50 do artigo 64.

b) As tipificadas como graves a que se fai referencia no parágrafo anterior cando, polas circunstancias concorrentes, non se poidan cualificar de moi graves e,

en particular, as tipificadas nos parágrafos 1, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 13, 14, 15, 17, 18, 19, 20, 21, 22, 23, 24, 25, 26, 27, 28, 29, 31, 32, 33, 34, 42 e 43 do artigo 65.

c) As tipificadas como leves nos parágrafos 1, 2, 3, 4, 5, 6 bis e 7 do artigo 66.

4. A Administración xeral do Estado, no ámbito das súas competencias, poderá impoñer sancións pola comisión das infraccións administrativas seguintes:

a) As tipificadas como moi graves nos parágrafos 3, 5, 8, 9, 10, 11, 12, 13, 14, 15, 16, 17, 18, 19, 20, 21, 22, 23, 25, 30, 31, 35, 37, 38 bis, 40, 41, 43, 44, 47, 48, 49, 50 e 51 do artigo 64.

b) As tipificadas como graves a que se fai referencia no parágrafo anterior cando, polas circunstancias concorrentes, non se poidan cualificar de moi graves e, en particular, as tipificadas nos parágrafos 1, 2, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 10, 11, 12, 14, 15, 16, 17, 18, 20, 26, 27, 29, 30, 32, 36, 37, 38, 39, 40, 41 e 42 do artigo 65.

c) As tipificadas como leves nos parágrafos 2, 6, 7, 8, 9, 10, 11, 12, 13, 14 e 15 do artigo 66.»

Artigo 5. *Modificación da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.*

Modifícase a Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, nos seguintes aspectos:

Un. Modifícase a alínea c) do número 1 do artigo 3 e engádense as novas alíneas e) e f), coa seguinte redacción:

«c) Determinar as tarifas de último recurso naqueles casos en que esta lei así o estableza e fixar os tipos e prezos de servizos asociados á subministración que se determinen regulamentariamente.»

«e) Determinar a estrutura e a metodoloxía para o cálculo dos canons dos servizos de acceso ás instalacións gasistas destinados a cubrir a retribución asociada ao uso dos almacenamentos subterráneos básicos, así como aprobar os valores dos canons de acceso ás ditas instalacións. Determinar a metodoloxía, os parámetros, a base de activos e as contías da retribución dos almacenamentos subterráneos.

f) Determinar a estrutura e a metodoloxía para o cálculo dos cargos que correspondan en relación cos custos das instalacións de gas natural non asociadas co uso delas, así como aprobar os valores dos ditos cargos.»

Dous. Engádense un novo número 4 ao artigo 4, co seguinte teor:

«4. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia supervisará os plans de investimento dos xestores de rede de transporte, avaliará os ditos plans, en particular no referente á súa adecuación ao plan de desenvolvemento da rede no ámbito comunitario mencionado no artigo 8, número 3, alínea b) do Regulamento (CE) n.º 714/2009, e poderá incluír recomendacións para a súa modificación.»

Tres. Modifícase o número 1 do artigo 57, coa seguinte redacción:

«1. Os consumidores terán dereito de acceso e conexión ás redes de transporte e distribución de gas natural nas condicións establecidas na normativa de aplicación.»

Catro. Modifícase o número 3 do artigo 60, que queda redactado como segue:

«3. Garántese o acceso de terceiros ás instalacións da rede básica e ás instalacións de transporte e distribución nas condicións técnicas e económicas que se determinen. O prezo polo uso destas instalacións virá determinado pola peaxe, polo canon e polo cargo correspondente.»

Cinco. Modifícase a redacción do número 2 do artigo 61, co seguinte teor:

«2. Os suxeitos autorizados para adquirir gas natural terán dereito de acceso ás instalacións de regasificación, almacenamento, transporte e distribución nos termos que a normativa de aplicación estableza.

No caso do acceso a instalacións de regasificación, almacenamento básico, transporte e distribución, o acceso será regulado.

No caso dos almacenamentos non básicos, o acceso será negociado e estableceranse regulamentariamente os criterios para o acceso ás instalacións, que serán transparentes, obxectivos e non discriminatorios. Estas instalacións quedarán excluídas do réxime retributivo do sistema de gas natural.»

Seis. Modificación da alínea r) do artigo 64.2, que queda redactada nos seguintes termos:

«r) Elaborar un informe sobre o cumprimento por parte dos distintos axentes do sistema e os resultados das medidas adoptadas polo Goberno ante situacións de emerxencia. O dito informe poñerase á disposición do Ministerio para a Transición Ecolóxica e da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.»

Sete. Modifícase a redacción do artigo 65, co seguinte teor:

«Artigo 65. *Normas de xestión técnica do sistema.*

1. O Ministerio para a Transición Ecolóxica e a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia aprobarán, no ámbito das súas competencias, a normativa de xestión técnica do sistema, que terá por obxecto propiciar o correcto funcionamento técnico do sistema gasista e garantir a continuidade, a calidade e a seguridade da subministración de gas natural, coordinando a actividade de todos os transportistas.

2. O Ministerio para a Transición Ecolóxica aprobará a normativa relacionada cos seguintes aspectos:

a) Os mecanismos para garantir o necesario nivel de subministración de gas natural do sistema a curto e medio prazo e o mantemento das existencias mínimas de seguridade.

b) Os procedementos de coordinación que garantan a correcta explotación e mantemento das instalacións de regasificación, almacenamento e transporte, de acordo cos criterios de fiabilidade e seguridade necesarios, establecendo especificamente a previsión de plans de actuación para a reposición do servizo en caso de fallos xerais na subministración de gas natural.

c) O procedemento sobre as medidas que cómpre adoptar no caso de situacións de emerxencia e desabastecemento.

d) A calidade do gas e os requisitos de medida.

e) Os procedementos de control das entradas e saídas de gas natural cara a ou desde o sistema gasista nacional.

3. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia regulará os seguintes aspectos:

a) O procedemento de cálculo do balance diario de cada suxeito autorizado a introducir gas natural no sistema. O sistema de programación, nominacións, renominacións e reparticións.

b) O procedemento de xestión e uso das interconexións internacionais.

c) As minguas e os autoconsumos; deberanse determinar as cantidades que se deberán reter para cada tipo de instalación.»

Oito. Modifícanse o número 2 e o primeiro parágrafo do número 4 do artigo 70, coa seguinte redacción:

«2. Sen prexuízo do desenvolvemento regulamentario do previsto no presente artigo, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia aprobará mediante circular a metodoloxía e as condicións de acceso e conexión, que comprenderá o contido das solicitudes e permisos, os criterios económicos, os criterios para a avaliación da capacidade, os motivos para a súa denegación, o contido mínimo dos contratos e as obrigacións de publicidade e transparencia da información relevante para o acceso e a conexión.

(...)

4. Poderase denegar o acceso á rede en caso de insuficiente capacidade ou cando o acceso á rede impida cumprir coas obrigacións de subministración que se impuxesen ou debido a dificultades económicas e financeiras graves que poidan derivar da execución dos contratos de compra obrigatoria, nas condicións e co procedemento que se estableza seguindo os criterios da lexislación uniforme comunitaria que se dispoñan.

(...).»

Nove. Modifícase a redacción do artigo 72 nos seguintes termos:

«Artigo 72. *Regulación da distribución.*

1. A distribución de combustibles gasosos rexeráse por esta lei, polas súas normas de desenvolvemento e pola normativa que diten as comunidades autónomas no ámbito das súas competencias. O Goberno establecerá, así mesmo, a normativa que se requira en materia de coordinación e funcionamento.

2. A ordenación da distribución terá por obxecto establecer e aplicar principios comúns que garantan a súa adecuada relación coas restantes actividades gasistas, determinar as condicións de tránsito de gas polas ditas redes, establecer a suficiente igualdade entre aqueles que realizan a actividade en todo o territorio e a fixación de condicións comúns equiparables para todos os usuarios.»

Dez. Modifícanse os números 2 e 3 do artigo 76 co seguinte teor:

«2. O distribuidor só poderá denegar o acceso á rede en caso de que non dispoña da capacidade necesaria. A denegación deberá ser motivada. A falta de capacidade necesaria só se poderá xustificar por criterios de seguridade, regularidade ou calidade das subministracións, atendendo ás exixencias que para estes efectos se establezan.

3. Sen prexuízo do desenvolvemento regulamentario do previsto neste artigo, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia aprobará mediante circular a metodoloxía e as condicións de acceso e conexión que comprenderá o contido das solicitudes e permisos, os criterios económicos, os criterios para a avaliación da capacidade, os motivos para a súa denegación, o contido mínimo dos contratos e as obrigacións de publicidade e transparencia da información relevante para o acceso e a conexión.»

Once. Modifícanse os números 1 e 2 do artigo 91, coa seguinte redacción:

«1. As actividades destinadas á subministración de combustibles gasosos serán retribuídas economicamente na forma disposta nesta lei con cargo ás tarifas de último recurso, ás peaxes, aos canons, aos cargos e aos prezos aboados. Malia o anterior, as conexións dos xacementos de gas natural coas instalacións de transporte serán custeadas polo titular da concesión de explotación do xacemento e non se incluírán entre os custos do sistema gasista.

2. Establecerase o réxime económico dos dereitos por acometidas, alugamento de contadores e outros custos necesarios vinculados ás instalacións. Os dereitos

que se deberán pagar polas acometidas serán establecidos polas comunidades autónomas en función do caudal máximo que se solicite e da localización da subministración, cos límites superior e inferior que determine a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia. Os dereitos de acometida deberán establecerse de forma que aseguren a recuperación dos investimentos realizados. Os ingresos por este concepto consideraranse, para todos os efectos, retribución da actividade de distribución.»

Doce. O artigo 92 queda redactado como segue:

«Artigo 92. *Criterios para determinación de peaxes, canons e cargos.*

1. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia aprobará, mediante resolución que se publicará no “Boletín Oficial del Estado”, os prezos das peaxes e dos canons de acceso ás instalacións de transporte, distribución e plantas de gas natural licuado de acordo coa metodoloxía e estrutura aprobadas pola dita comisión para estes efectos.

O Goberno establecerá a metodoloxía para o cálculo dos canons dos servizos básicos de acceso aos almacenamentos subterráneos. O titular do Ministerio para a Transición Ecolóxica, logo de acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, aprobará os prezos dos canons de acceso aos almacenamentos subterráneos básicos.

As peaxes e os canons terán en conta os custos en que se incorreu polo uso das instalacións de maneira que se optimice o uso das infraestruturas, e poderanse diferenciar por niveis de presión, características do consumo e duración dos contratos.

Estes prezos deberán respectar o principio de sustentabilidade económica e financeira do sistema gasista e ser suficientes para cubrir os custos polo uso das instalacións de transporte, distribución e plantas de gas natural licuado.

As peaxes e os canons deberán establecerse de forma que a súa determinación responda no seu conxunto aos seguintes principios:

- a) Asegurar a recuperación dos investimentos realizados polos titulares no período da súa vida útil.
- b) Permitir unha razoable rendibilidade dos recursos financeiros investidos.
- c) Determinar o sistema de retribución dos custos de explotación de forma que se incentive unha xestión eficaz e unha mellora da produtividade que se deberá repercutir en parte aos usuarios e consumidores.

2. O Goberno, logo de informe da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, establecerá a estrutura e a metodoloxía de cálculo dos cargos destinados a cubrir outros custos regulados do sistema que non estean asociados ao uso das instalacións, de acordo co establecido no artigo 59 da Lei 18/2014, do 15 de outubro, sen prexuízo do disposto para as peaxes e os canons de transporte, distribución e plantas de gas natural licuado.

Con carácter xeral, as peaxes e os canons de acceso ás instalacións gasistas, así como os cargos, estableceranse anualmente e corresponderá á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia aprobar as peaxes e os canons de acceso ás instalacións de transporte, distribución e plantas de gas natural licuado.

O titular do Ministerio para a Transición Ecolóxica, logo de acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, aprobará os cargos, así como os canons de acceso aos almacenamentos subterráneos.

3. As empresas que realicen as actividades reguladas neste título facilitarán á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia e ao Ministerio para a Transición Ecolóxica toda a información necesaria para a determinación das peaxes e dos canons e cargos. Esta información estará tamén á disposición das comunidades autónomas que o soliciten, no relativo ao seu ámbito territorial.

4. As empresas comercializadoras deberán desagregar nas súas facturas aos consumidores finais a contía correspondente ás peaxes, aos canons e aos cargos.»

Trece. Engádesse un novo número 5 ao artigo 101 nos seguintes termos:

«5. O Ministerio para a Transición Ecolóxica supervisará a correcta execución por parte dos axentes do sistema das medidas adoptadas polo Goberno ante situacións de emerxencia e elaborará un informe que poñerá inmediatamente á disposición da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia. O xestor técnico do sistema, a Corporación de Reservas Estratéxicas de Produtos Petrolíferos e os demais suxeitos do sistema gasista achegarán para estes efectos toda a documentación que se lles solicite.»

Catorce. Modifícase o artigo 116 coa seguinte redacción:

«Artigo 116. *Competencias para impoñer sancións.*

1. No ámbito da Administración xeral do Estado:

1.1 A competencia para impoñer as sancións correspondentes ás infraccións corresponderá:

a) Ao Consello de Ministros para impoñer as sancións pola comisión de infraccións moi graves.

b) Ao titular do Ministerio para a Transición Ecolóxica para impoñer as sancións pola comisión de infraccións graves.

c) Ao titular da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas da Secretaría de Estado de Enerxía para impoñer as sancións pola comisión de infraccións leves.

1.2 Será competente para impoñer sancións pola comisión das infraccións administrativas seguintes, no ámbito das súas competencias:

a) As tipificadas como moi graves nos parágrafos a), b), c), d), e), f), g), i), j), k), l), m), n), o), q), s), t), v), w), y), aa), ad), af), ag), ah), ai), aj), ak), ao), am), añ), ao), ap), av), aw), az), bb), bc), bd), be), e bf) do artigo 109.

b) As tipificadas como graves a que se fai referencia no parágrafo anterior cando, polas circunstancias concorrentes, non se poidan cualificar como moi graves e, en particular, as tipificadas nos parágrafos a), b), d), e), f), g), h), i), j), k), m), n), o), q), r), s), x), y), z), aa), ab), ac), ah) ai), aj), ak), ao), am), an), añ), e ao) do artigo 110.

c) As tipificadas como leves nos parágrafos a), b), d), f), g) e h) do artigo 111.

2. No ámbito das comunidades autónomas, observarase o previsto na súa propia normativa.

3. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, no ámbito das súas competencias e no que se refire aos gases combustibles, será competente para impoñer sancións pola comisión das infraccións administrativas seguintes:

a) As tipificadas como moi graves nos parágrafos c), d), e), f), g), h),i), j), k), l), p), q), r), s), u), v), w), x), y), z), ab), ac), ae), af), ag), ah),aj), ak), ao), am) an) añ), ao), ap), aq), ar), as), at), au), av), aw), ax), ay), az) e ba) do artigo 109.

b) As tipificadas como graves a que se fai referencia no parágrafo anterior cando, polas circunstancias concorrentes, non se poidan cualificar como moi graves e, en particular, as tipificadas nos parágrafos, b), c), d), e), f), g), k), l), m), n), o), p), q) s), t), u), v), w), x), z), aa), ab), ac), ad), ae), af), ag) e ao) do artigo 110.

c) As tipificadas como leves nas alíneas a), b), c), d), e), f) e g) do artigo 111.»

Artigo 6. *Modificación da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia.*

Modifícase a Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, nos seguintes aspectos:

Un. Modifícase o número 4 do artigo 59, coa seguinte redacción:

«4. Os custos do sistema serán financiados mediante os ingresos do sistema gasista. Estes custos determinaranse de acordo co disposto nesta lei e nas súas normas de desenvolvemento:

a) Os custos asociados ao uso das instalacións son os seguintes:

1.^a Retribución asociada ao uso das instalacións de transporte, distribución e plantas de gas natural licuado.

2.^a Retribución asociada ao uso das instalacións de almacenamento subterráneo.

3.^a Retribución da xestión técnica do sistema.

b) Os custos non asociados ao uso das instalacións son os seguintes:

1.^a Taxa da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia e do Ministerio para a Transición Ecolóxica.

2.^a De ser o caso, o custo diferencial da subministración de gas natural licuado ou gas manufacturado e/ou aire propanado distinto do gas natural en territorios insulares que non dispoñan de conexión coa rede de gasodutos ou de instalacións de regasificación, así como a retribución correspondente á subministración a tarifa realizada por empresas distribuidoras nestes territorios.

3.^a Medidas de xestión da demanda, no caso de que así sexan recoñecidas regulamentariamente, conforme o establecido no artigo 84.2 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.

4.^a Anualidade correspondente aos desaxustes temporais a que se fai referencia no artigo 61 desta lei, cos seus correspondentes xuros e axustes.

5.^a De ser o caso, retribucións reguladas ao operador do mercado organizado de gas natural, salvo naqueles aspectos retributivos cuxa aprobación se designe ao regulador nacional mediante disposicións aprobadas pola Comisión Europea.

6.^a Calquera outro custo atribuído expresamente por unha norma con rango legal.»

Dous. Engádense dous novos números 7 e 8 ao artigo 59, coa seguinte redacción:

«7. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia establecerá a metodoloxía para o cálculo das peaxes e dos canons dos servizos básicos de acceso ás instalacións de transporte, distribución e plantas de gas natural licuado, respectando o principio de sustentabilidade económica e financeira do sistema gasista e de suficiencia para cubrir os custos asociados ao uso das ditas instalacións, de acordo co previsto nesta lei e na normativa de desenvolvemento. Así mesmo, establecerá a metodoloxía da retribución da xestión técnica do sistema.

8. O Goberno establecerá a metodoloxía para o cálculo dos canons dos servizos básicos de acceso aos almacenamentos subterráneos, para o cálculo da retribución dos almacenamentos subterráneos básicos, así como para o cálculo dos cargos destinados a financiar outros custos regulados que non estean asociados ao uso das instalacións e que se recollen no número 4.b) do presente artigo e no artigo 66.»

Tres. Modifícanse os números 2, 3, 4, 5, 6 e 7 do artigo 60, que quedarán redactados como segue:

«2. Os parámetros de retribución das actividades de regasificación, almacenamento básico, transporte e distribución fixaranse tendo en conta a situación cíclica da economía, a demanda de gas, a evolución dos custos, as melloras de eficiencia, o equilibrio económico e financeiro do sistema e a rendibilidade adecuada para estas actividades por períodos regulatorios que terán unha vixencia de seis anos, salvo que unha norma de dereito comunitario europea estableza unha vixencia do período regulatorio distinta.

Non se aplicarán fórmulas de actualización automática a valores de investimento, retribucións, ou calquera parámetro utilizado para o seu cálculo, asociados á subministración de gas natural regulado.

3. Para as actividades de transporte, distribución e plantas de gas natural licuado con dereito a retribución, as taxas de retribución financeiras aplicables serán fixadas pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia para cada período regulatorio,

Malia o anterior, para cada período regulatorio establecerase por lei o límite máximo das taxas de retribución financeira aplicables ás actividades de transporte, distribución e plantas de gas natural licuado. Este límite máximo estará referenciado ao rendemento das obrigacións do Estado a dez anos no mercado secundario, incrementado cun diferencial adecuado que se determinará para cada período regulatorio. Se ao comezo dun período regulatorio non se leva a cabo esta determinación do diferencial, entenderase prorrogada a taxa máxima de retribución financeira fixada para o período regulatorio anterior.

Excepcionalmente, a Comisión poderá superar o referido valor, de forma motivada e logo de informe do Ministerio para a Transición Ecolóxica, en casos debidamente xustificadas. Neste suposto, a Comisión fará constar o impacto da súa proposta en termos de custos para o sistema respecto do que derivaría de se aplicar o valor anteriormente resultante.

4. O Goberno poderá revisar os parámetros de retribución, así como a taxa de retribución, dos almacenamentos subterráneos básicos antes do comezo do seguinte período regulatorio. Se ao comezo dun período regulatorio non se leva a cabo esta revisión, entenderanse prorrogados para o período regulatorio seguinte.

5. A retribución ao investimento das instalacións da rede básica do sistema de gas natural calcularase a partir do seu valor neto, sen prexuízo do que se estableza para as instalacións de transporte primario de influencia local.

6. Non terá a consideración de custo recoñecido o gas de operación para autoconsumo requirido polas plantas de regasificación.

7. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia poderá establecer, tras solicitude do titular da planta de regasificación, un réxime económico singular e de carácter temporal para a prestación de servizos loxísticos de gas natural licuado. Estes servizos deberán ser prestados baixo contratos a longo prazo e o seu obxecto principal non será o acceso ao sistema gasista español para subministración da demanda nacional. Este réxime singular e de carácter temporal será efectivo durante o período de vixencia do contrato a longo prazo.

Estes servizos, ao verse afectados pola competencia internacional, poderán implicar que as condicións de acceso ás instalacións e as peaxes e os canons para a prestación destes servizos se poidan pactar libremente entre as partes implicadas, suxeitas aos principios de obxectividade e non discriminación. En calquera caso, deberase asegurar o principio de sustentabilidade económica e financeira no sistema gasista, polo que os ingresos obtidos mediante as peaxes e os canons deberán ser iguais ou superiores á retribución recoñecida á instalación. En caso de acceso ao sistema gasista español para subministración da demanda nacional, a peaxe aplicada non será inferior á establecida para o resto de plantas de regasificación do sistema.

En caso de que para a prestación dos ditos servizos loxísticos de gas natural licuado sexa necesaria a realización de novos investimentos, estes non serán asumidos polo sistema gasista.»

Catro. O número 2 do artigo 63 pasa a ter a seguinte redacción:

«A retribución que se percibirá desde o 1 de xaneiro do ano 2015 ata que finalice o primeiro período regulatorio calcularase de acordo coa metodoloxía recollida nos anexos X e XI da presente lei.

Corresponderá á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia a aprobación da retribución para cada ano de empresas titulares de instalacións, plantas de gas natural licuado, transporte e distribución, de conformidade coa Lei 3/2013, do 4 de xuño.

A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia poderá revisar os parámetros de retribución das actividades de plantas de gas natural licuado, transporte e distribución antes do comezo do seguinte período regulatorio, sen prexuízo do establecido no artigo 60. Se non se leva a cabo esta revisión, entenderanse prorrogados para o período regulatorio seguinte.

Corresponderá ao Ministerio para a Transición Ecolóxica, logo de informe da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, aprobar a retribución para cada ano das empresas titulares de almacenamentos subterráneos básicos de gas natural. A retribución que se percibirá desde o 1 de xaneiro do ano 2015 ata que finalice o primeiro período regulatorio calcularase de acordo coa metodoloxía recollida no anexo X da presente lei.»

Cinco. Elimínase o artigo 64.

Seis. Modifícase o número 1 do artigo 65, que pasa a ter a seguinte redacción:

«1. Para as actividades de transporte, regasificación e distribución, o primeiro período regulatorio iniciarase na data de entrada en vigor do Real decreto lei 8/2014, do 4 de xullo, e finalizará o 31 de decembro de 2020. A partir do 1 de xaneiro de 2021 sucederanse os seguintes períodos regulatorios de forma consecutiva e cada un deles terá unha duración de seis anos, salvo que unha norma de dereito comunitario europeo estableza unha vixencia do período regulatorio distinta».

Disposición transitoria primeira. *Coordinación dos plans de regulación da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia coas orientacións de política enerxética.*

1. No prazo de dous meses desde entrada en vigor deste real decreto lei, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia informará o Ministerio para a Transición Ecolóxica sobre as circulares de carácter normativo que se encontren en tramitación e que poidan incidir nos aspectos de política enerxética a que se refire o artigo 1 deste real decreto lei, indicando a data prevista para a súa adopción, así como aquelas sobre as cales teña previsto comezar a tramitar ata a presentación do próximo plan de actuación, conforme o establecido no artigo 39 da Lei 3/2013, do 4 de xuño, de creación da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, con indicación expresa da data prevista para o inicio da tramitación.

2. O Ministerio para a Transición Ecolóxica poderá adoptar e remitir á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, no prazo dun mes desde a remisión da información prevista no parágrafo anterior, para as circulares de carácter normativo en tramitación, e con polo menos un mes de antelación á data prevista para o inicio da tramitación nos demais supostos, as orientacións de política enerxética que deberá ter en conta a regulación que aprobe a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia co fin de asegurar a consistencia da regulación e a súa adecuación aos obxectivos e principios previstos.

3. Nos casos previstos no punto anterior, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia deberá remitir ao Ministerio para a Transición Ecolóxica, con carácter previo

á súa aprobación, as circulares de carácter normativo xunto cunha memoria xustificativa delas, cunha antelación mínima de dous meses á data prevista para a súa aprobación. No prazo dun mes desde a remisión das referidas circulares, o Ministerio para a Transición Ecolóxica poderá emitir un informe en que valore a adecuación das circulares de carácter normativo ás orientacións de política enerxética previamente adoptadas. Se no informe se considera que a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia non tivo en conta as ditas orientacións xerais, convocarase a Comisión de Cooperación prevista no artigo 2 deste real decreto lei co obxecto de acadar un acordo entre ambas as partes.

4. O disposto no punto anterior tamén será de aplicación naqueles casos en que, non tendo adoptado o Ministerio para a Transición Ecolóxica orientacións de política enerxética nos termos do número tres anterior, así o solicite de maneira expresa o Ministerio durante a tramitación dunha disposición de carácter normativo.

5. As circulares previstas nos números 3 e 4 que aprobe o Consello da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia indicarán se se adoptan «de acordo coas orientacións de política enerxética do Ministerio para a Transición Ecolóxica», en caso de conformidade, ou «oído o Ministerio para a Transición Ecolóxica», en caso de discrepancia.

Disposición transitoria segunda. Réxime transitorio na asunción de funcións por parte da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

1. As funcións de aprobación dos valores das peaxes de acceso e dos canons previstas nos artigos 7.1 bis da Lei 3/2013, do 4 de xuño, atribuídas ata a entrada en vigor deste real decreto lei ao Ministerio para a Transición Ecolóxica, pasarán a ser exercidas pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia unha vez que esta aprobe, de acordo coa disposición derradeira terceira, a metodoloxía para o cálculo das peaxes e dos canons de acceso ás plantas de gas natural licuado e ás redes de transporte e distribución de gas e electricidade que, en todo caso, non será de aplicación antes do 1 de xaneiro de 2020.

As metodoloxías, os parámetros e a base de activos da retribución das instalacións de transporte e distribución de enerxía eléctrica e gas natural e das plantas de gas natural licuado aprobados pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia resultarán de aplicación unha vez finalizado o primeiro período regulatorio.

A fixación das contías da retribución das instalacións de transporte e distribución de enerxía eléctrica, regasificación, transporte e distribución de gas recollidas no artigo 7.1 bis da Lei 3/2013, do 4 de xuño, pasarán a ser exercidas pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia e serán aplicables a partir do 1 de xaneiro de 2020.

2. Durante o período regulatorio en curso no momento da entrada en vigor deste real decreto lei, as taxas de retribución financeira dos activos de regasificación, transporte e distribución con dereito a retribución a cargo dos sistemas gasista e eléctrico serán as establecidas nas correspondentes leis sectoriais.

Disposición transitoria terceira. Procedementos iniciados con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto lei.

1. Nos ámbitos afectados pola distribución de funcións á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia contida neste real decreto lei, os procedementos iniciados con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto lei tramitaranse de acordo co establecido na normativa vixente no momento en que se iniciaron.

2. Os procedementos que, mesmo non tendo sido iniciados no momento da entrada en vigor deste real decreto lei, se refiran a exercicios anteriores a 2019, rexeranse integralmente pola lei anterior a esta norma que estea vixente no exercicio a que se refiran.

Disposición transitoria cuarta. *Funcións e competencias cuxo exercicio se mantén transitoriamente na Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.*

Sen prexuízo das modificacións introducidas por este real decreto lei no título VI da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, e no título X da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, de conformidade co establecido na disposición transitoria cuarta da Lei 3/2013, do 4 de xuño, de creación da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia seguirá desempeñando as funcións a que se fai referencia na disposición adicional oitava da dita Lei 3/2013, do 4 de xuño.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas todas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan a este real decreto lei.

Disposición derradeira primeira. *Cláusula de salvagarda para modificacións de norma de inferior rango.*

Mantense o rango das normas modificadas por este real decreto lei cando estas sexan de rango inferior.

Disposición derradeira segunda. *Títulos competenciais.*

Este real decreto lei dítase conxuntamente ao abeiro das competencias exclusivas do Estado previstas no artigo 149.1.13.^a da Constitución, en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, e no artigo 149.1.25.^a da Constitución, de bases do réxime mineiro e enerxético.

Disposición derradeira terceira. *Aprobación das metodoloxías de peaxes e cargos.*

1. Antes do 1 de xaneiro de 2020 o Goberno, por proposta do titular do Ministerio para a Transición Ecolóxica, logo de informe da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, e logo de acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, aprobará mediante real decreto as metodoloxías de cálculo dos cargos que cubrirán os custos do sistema eléctrico e do sistema gasista.

Así mesmo, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia aprobará antes do 1 de xaneiro de 2020, logo de adoptar, de ser o caso, as correspondentes orientacións de política enerxética, as circulares normativas coas metodoloxías para o cálculo dos canons e peaxes de acceso ás redes, así como as retribucións afectas ás actividades reguladas dos sectores de electricidade e de gas.

2. Tanto o Goberno como a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia aprobarán as metodoloxías para o cálculo dos cargos, retribucións reguladas, canons e peaxes de acceso con suficiente antelación respecto da súa entrada en vigor e garantirán que o impacto da aplicación das referidas metodoloxías nos consumidores e demais axentes dos sistemas gasista e eléctrico sexa gradual.

Para estes efectos, o Goberno e a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia establecerán períodos transitorios nas citadas metodoloxías de peaxes, canons e cargos, segundo corresponda, de forma que as variacións do conxunto de peaxes, canons e cargos resultantes de aplicar as novas metodoloxías respecto dos vixentes no momento da entrada en vigor deste real decreto lei se absorban de maneira gradual nun período máximo de catro anos desde a entrada en vigor da metodoloxía de cargos que estableza o Goberno.

Disposición derradeira cuarta. *Desenvolvemento regulamentario.*

Habílitate o Goberno para que, no ámbito das súas competencias, aprobe cantas disposicións sexan necesarias para a aplicación, a execución e o desenvolvemento do establecido neste real decreto lei.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 11 de xaneiro de 2019.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
PEDRO SÁNCHEZ PÉREZ-CASTEJÓN